

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de xuño de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día seis de xuño de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Administración Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(546).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de maio de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(547).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 21.05.14 POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DA RECOLLIDA DO LIXO DE VIVENDAS DO EXERCIZO 2014. EXPTE. 43714/513.**

Dáse conta da devantida resolución do Concelleiro de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decretos de Alcaldía de 7 de outubro de 2011 e 9 de maio de 2014) e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.*

*De conformidade co Informe-Proposta do Servizo de Administración de Tributos conformado pola Dirección de Ingresos, de data de data 19 de maio de 2014 e informe da Intervención Xeral de data 20 de maio de 2014,*

RESOLVO:

1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2014, por un importe total de 11.451.951,50.- Euros, (ONCE MILLÓNS CATROCENTOS CINCUENTA E UN MIL, NOVECENTOS CINCUENTA E UN EUROS, CON CINCUENTA CÉNTIMOS), que consta de 142.732 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D<sup>a</sup> MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.
2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.
3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(548).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 19.05.14 POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓN S UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS DO EXERCIZO 2014. EXPTE. 46360/513.**

Dáse conta da devantida resolución do Concelleiro de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decretos de Alcaldía de 7 de outubro de 2011 e 9 de maio de 2014) e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral,*

*De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos, de data 19 de maio de 2014 e informe da Intervención Xeral de data 20 de maio de 2014,*

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2014 (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de 6.557.576,48 Euros (SEIS MILLÓNS CINCOCENTOS CINCOENTA E SETE MIL CINCOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON CUARENTA E OITO CENTIMOS), segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en CM ABAD E (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 40660 que figura a nome de CEFANOI, S.L. polo local sito en R/ ZARAGOZA nº 62 A baixo,, cun total de 22.130 recibos e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial .....	5.031.352,98.- Euros
- Entrada vehículos .....	1.491.222,80. - Euros
- Reservas aparcamento .....	35.000,70.- Euros

2. *Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"*

3. *Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **4(549).- DAR CONTA DE SENTENZA E AUTOS.**

Dáse conta das seguintes Sentenza remitidas por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no RC-A nº 86/2013 P.A. Demandante: D. MANUEL PORTAS ACHA. Resolución 17.04.2013 (E.P. Imputación), responsabilidade patrimonial por caída da na rúa pública, sumidoiro sen tapa. Estimado parcialmente o recurso. Expte. 7913/111.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 2/2014 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> ELVIRA MOREIRA VALLEZ. Resolución do 11.11.2013, reponsabilidade patrimonial, caída no mercado do Calvario. Desestimado o recurso. Expte. 8377/111

c) Sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4<sup>a</sup>, no RC-A Nº 15175/2013 P.O. Demandante: SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A. T. E-A de GALICIA. Resolución do 25-01-2013: Desestimación da resolución do Concello de Vigo sobre IAE 2007 – 2010 . Desestimado o recurso. Expte. 7974/111.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.A. Nº 308/2013. Demandante: D. DIEGO ALONSO RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 10.10.2013. SANCIÓN DE TRÁFICO, conducción empregando teléfono móbil (Expte.: 138606438). Desestimado o recurso. Expte. 8346/111.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. nº 46/2014. Demandante: D. RAFAEL MOLEDO ALONSO e tres máis. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación retributiva, suboficiais bombeiros. Desestimado o recurso. Expte. 8486/111.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 47/2014 P.A. Demandante: D. José Martínez Pose. Resolución do 25.11.2013 (E.P.), responsabilidade patrimonial, RPA, caída na praza da Estrela. Desestimado o recurso. Expte. 8495/111.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.A. nº 26/2014. Demandante: D<sup>a</sup> PAULA OANES PAZOS. Obxecto: Desestimación presunta de prestación e inactividade. Retirada de arborado e vexetación na Guía (en parcelas privadas). Desestimado o recurso. Expte. 8394/111.

h) Sentenza do X. Social nº 4 de Vigo no Procedemento 313/2013 (M.S.C.T.). Demandante: D<sup>a</sup> VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ. Obxecto: Comunicación de GALAICONTROL do 18.2.2013. Desestimado o recurso. Expte. 7904/111.

Sentenza do TSXG, Sala do Social, no rec. Suplicación 2806/2013, interposto contra a precedente sentenza. Estimado o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 52/2014 P.A. Demandante: XUNTA DE GALICIA. Desestimación presunta do requirimento previo. Recibos de auga, embargo, devolución de ingresos indebidos. Estimado o recurso. Expte. 8494/111.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo RC-A nº 39/2014 P.A. Demandante: LUÍS RODRÍGUEZ CADARSO DE LA PEÑA. Inexecución do acordo da X.G.L. Do 25.3.2011. Estimado o recurso. Expte. 8487/111.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº2 de Santiago de Compostela no RC-A nº 889/2010 P.O. Demandante: D. JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ RICOY. Resolución de Augas de Galicia do 30.03.2005. Aprobación expediente obras da EDAR do lagares ("anteproxecto"). Expte.: OH.336.885 (colector). Inadmitido o recurso. Expte. 6393/111.

m) Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 4 de A Coruña. Recurso: Procedemento Abreviado nº 44/2014, en materia de sancións de tráfico. Demandante: GONZALO DÍAZ OTERO. Obxecto: Resolución do 10.12.13., A Sentenza estima o recurso. Expte. 8516/111.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 124/2010 p.o. Demandante: D. MIGUEL A. ÁLVAREZ ÁLVAREZ. Reclamación de cantidades por obras na cidade. Convenio Concello-Deputación de Pontevedra do 29.03.2007. Desestimado o recurso.

Sentenza do TSXG, Sala do C-A, no recurso de apelación nº 4041/2014 interposto contra a precedente sentenza. Demandante: D. MIGUEL A. ÁLVAREZ ÁLVAREZ. Desestimado o recurso. Expte. 6478/111.

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.O. Nº 47/2011. Demandante: CONSTRUCCIONES AIS, S.L. Obxecto: sobre a ocupación privativa de quiosco na beirarrúa, Gran Vía nº 134. Estimado o recurso.

Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección /2ª, no rec. Apelación nº 4042/2014 interposto polo CONCELLO DE VIGO contra a devandita sentenza. Estimado o recurso. Expte. 6660/111.

p) Sentenza do TSXG na Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª RC-A nº 3/7199/2012 P.O. Demandante: Dª CÁNDIDA DOMÍNGUEZ ALONSO. Resolución do 16/07/2010 e (17/01/2012) da Consellería de Medio Ambiente. Aprobación de Proxecto de Expropiación Forzosa, por taxación conxunta, do novo hospital. Finca nº 158. Estimado o recurso. Expte. 7883/111.

q) Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no procedemento abreviado nº 74/2014. Demandante: ANGÉLICA MARLENE ZAMBRANO ORDÓÑEZ. Obxecto: Resolución desestimatoria do recurso de reposición presentado contra a resolución da XGL do 22/11/2013 que desestimou a solicitude de axuda contra a crise convocada polo Concello de Vigo. Expte. 8541/111.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **5(550).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE PERSOAS DADAS DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE OS MESES DE MARZO, ABRIL E MAIO DE 2014. EXPTE. 89458/301.**

Por medio do presente escrito de data 29.05.14, a Xefa de servizo de Política de Benestar da conta á Xunta de Goberno Local da relación de persoas dadas de alta no Servizo de Axuda no Fogar durante os meses de marzo, abril e maio 2014, que son as seguintes:

#### **MARZO**

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DATA</b>
22/698	CARMEN ALVAREZ QUINTAS	07/03/14
03/101	ROSA MODROÑO REGUERA	12/03/14
05/1019	JULIA OLLEROS VAZQUEZ	14/03/14
05/1887	RUBEN CASTROGIOVANNI	18/03/14
06/3024	TERESA PRECIADO MOSQUERA	18/03/14
21/710	ENCARNACION VAZQUEZ ZAS	18/03/14
21/2956	HERMINIA GUNTIÑAS SOMOZA	18/03/14
25/2461	ROSA PROL PIÑEIRO	18/03/14
06/2904	MATILDE OTERO CASAS	31/03/14
21/3051	NORMA PILAR BLANCO	31/03/14

#### **ABRIL**

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
22/1592	JOSEFINA PICON MORGADE	03/04/14
22/772	NIEVES FERNANDEZ QUINTELA	08/04/14
22/2136	CARMEN PEREZ RODRIGUEZ	10/04/14
04/1641	M. CARMEN SAA VENTOSIÑOS	28/04/14
05/2566	ANA JIMENEZ SALCEDO	28/04/14
04/1641	CARMEN SAA VENTOSIÑOS	28/04/14

## MAYO

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
06/2374	JULIA CABEZON ARIAS	05/05/14
06/863	TERESA VAZQUEZ ALVAREZ	05/05/14
24/2361	LEONOR REY ROJO	08/05/14
14/3088	DOLORES MIGUEZ ALONSO	08/05/14
21/2322	ROSA VAZQUEZ PIÑEIRO	08/05/14
05/2778	LUCINDO BATISTA FERREIRA	12/05/14
03/1504	CARMEN LAGO RODRIGUEZ	12/05/14
12/1715	RICARDO ALVAREZ ALVAREZ	13/05/14
12/2695	OBDULIO VIDAL CORTIZO	13/05/14
05/1019	SECUNDINA FIGUEIRAS GUISAM	15/05/14
02/2749	MARIA ALONSO ALONSO	15/05/14
06/2974	MANUEL AUGUSTO ALONSO RC	15/05/14

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 6(551).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) SAGRES S.L. EXPTE. 4836/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 29.05.14, e de acordo co informe-proposta de data 30.05.14, do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver a SAGRES, S.L.-PARTENON a fianza de 2.050,71 euros constituída para responder da subministración de vestiario para o persoal municipal 2010, xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

B) TALLERES FONTÁN. EXPTE. 4842/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 29.05.14, e de acordo co informe-proposta de data 30.05.14, do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver a TALLERES FONTAN, S.L. a fianza de 800 euros, constituída para responder da reparación de vehículos municipais inferiores a 3.500 kgs. En 2007-2008, xa que as obras foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**7(552).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA EN BLOQUE” O 7 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 13133/333.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**8(553).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “I TRAIL MONTES DE VIGO” O 8 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 13121/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Mancomunidade de Montes de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 8 de xuño de 2014, o I TRAIL MONTES DE VIGO, esta carreira está previsto que teña a súa saída ás 9.00h, da subida de San Sebastián-Fragoselo-Coruxo e que remate ás 14.30h.

**9(554).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “FESTA DO DEPORTE ADAPTADO” O 15 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 13138/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Coruxo F.C., a organizar o vindeiro domingo 15 de xuño de 2014, a “Festa do deporte adaptado”, esta andaina de 5 km, está previsto que teña a súa saída do entorno do campo de fútbol do Coruxo ás 11.45h, percorrendo a rúa Canido, rúa Rio e Estrada do Vao, e que remate ás 13.15h no mesmo lugar da saída.

**10(555).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “ III MARCHA CICLISTA UNICEF-PEDALEANDO POR LA INFANCIA” O 22 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 12953/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Comité de Vigo de Unicef , a organizar o vindeiro domingo 22 de xuño de 2014, a “III Marcha ciclista Unicef-Pedaleando por la infancia”, dita carreira comenará ás 11.00 horas, dende o Concello (Venezuela) e percorrerá pola rúa Venezuela, Gran Vía , Lepanto, Alfonso XIII, Garcia Barbón, Policarpo Sanz, Puerta del Sol, Pi y Margall. López Mora, Avda.de Castelao, vuelta rotonda de Alcampo, Avda. Castelao, Camelias para rematar no Concello.

**11(556).- PROXECTO DE CONVENIO COA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOA AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2014. EXPTE. 10170/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21.05.14, o informe de fiscalización de data 2.06.14, e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 21.05.14, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación da asistencia sanitaria de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2014, co texto que se recolle neste acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto, a disponibilidad do crédito por un importe total de 152.214,91 € (base imponible 125.797,45 €, IVA do 21% 26.417,46 €), con cargo á partida 1721.227.99.05 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado polas partes.

Cuarto.- : Notificar o presente acordo, en legal forma, á Cruz Vermella Española, significándolle que na execucion do convenio deberá, en todo caso, seguir o determinado no convenio e as instrucións que ao efectos se diten por este Concello: Servizo de Medio Ambiente.

*“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS 2014.*

*En Vigo,                    de                    de 2014.*



## REUNIDOS:

*Dunha parte:*

*D. Abel Caballerio Álvarez, na súa condición de alcalde-presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a da L.5/1997, do 22 de xullo, (LALGA) e 124.4.a da L. 7/1985, do 2 de abril, (LRBRL)), asistido pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup>. .....*

*Doutra:*

*D. Domingo Santamarina Barreiro, delegado especial do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 16 de xaneiro de 2012 do presidente de Cruz Vermella Española, en representación desta.*

*Os dous, de mutuo acordo*

## MANIFESTAN

*PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.*

*SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercizo de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.*

*TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.*

*CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas de acordo coa lexislación sectorial reguladora da materia. O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.*

*A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que "corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas", e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de clasificación do areal, de vixianza, de auxilio e salvamento.*

*QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que pon á disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.*

*Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nos areas, de acordo coas seguintes:*

## **ESTIPULACIÓNS**

*PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas de Samil, Illas Cíes (praia de Rodas), Vao, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), Canido, Argazada, Teis e Fontaiña, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula duodécima do presente convenio).*

*Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento no mar nin a vixilancia dos areas anteriormente citadas.*

*SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será o Concello.*

*TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.*

*CUARTA: A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ao que estea adscrito; así como aquelas outras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.*

*QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos accesibles para as ambulancias.*

*SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de areas será responsabilidade do Concello de Vigo.*

*SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.*

*OITAVA: Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométense a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*

*NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.*

*DÉCIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboaralle á Cruz Vermella Española a cantidade de 152.214,91 euros, IVE engadido (cento cincuenta e dous mil douscentos catorce con noventa e un €) con cargo a partida núm. 1721.2279905 de asistencia sanitaria en praias, do orzamento para o ano 2014.*

*Cruz Vermella Española emitirá factura detallada dos gastos realizados, o 15 de cada mes (xullo, agosto e setembro).*

*O pagamento realizarase tras a presentación da correspondente factura por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Área de Medio Ambiente*

*O último pago realizarase previa presentación da correspondente Memoria por parte de Cruz Vermella Española na que deberán detallarse os servizos prestados e certificación do cumprimento do Convenio expedida polo Área de Medio Ambiente.*

*UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que formada por parte do Concello de Vigo por:*  
*A Concelleira-delegada de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.*  
*O Xefe da Área de Medio Ambiente.*  
*Un representante de Protección Civil do Concello.*

*Por parte da Cruz Vermella:*

*O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.*  
*O coordinador xeral da Asemblea Comarcal.*  
*O responsable do servizo de areas.*

*Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.*

*DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 15 de xuño de 2014 e estará vixente ata o día 15 de setembro de 2014.*

*DÉCIMO TERCEIRA: A resolución de calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria; ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdicción e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro se o tiveren.*

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexendose polo dereito administrativo e supletoriamente polas normas do dereito privado. A orde xurisdiccional será o contencioso administrativo en todo caso.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.*

*O alcalde de Vigo*

*Abel Caballero Álvarez*

*O Delegado do Comité Comarcal  
da Cruz Vermella Española*

*Domingo Santamarina Barreiro*

Dou fe,  
A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local,

#### ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

##### Posto no areal de Samil

-LUGAR: posto de primeiros auxilios emprazado no Centro de Coordinación de Emerxencias en Praias no paseo do areal de Samil.

-DATAS DE ATENCIÓN: Do 15/06/14 até o 15/09/14.

- HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

– Nos meses de xullo e agosto

De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h

##### Posto no areal do Vao

-LUGAR: situado no areal do Vao.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/14 até o 15/09/14.

- HORARIO: No meses de xuño e setembro:

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h

- Nos meses de xullo e agosto

De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h.

##### Posto na Praia de Rodas nas illas Cíes

-LUGAR: situado no lado norte do areal de Rodas nas illas Cíes.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/14 ao 15/09/14

-HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:

Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas Cíes – Vigo. Fins de semana.

Nos meses de xullo e agosto:

Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas Cíes - Vigo. Atención diaria

##### Posto no areal do Tombo do Gato ( A Fonte)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia do Tombo do Gato.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/14 ata o 15/09/14.

-HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:

Fins de semana de 11:00 a 20:00 h

Nos meses de xullo e agosto:

De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h

##### Posto no areal de Canido

-LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/14 até o 31/08/14.

-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h ata as 20.00 h;

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

Posto no areal de Argazada ( Samil 2)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Argazada

-DATAS DE ATENCIÓN: Do 01/07/14 ata o 31/08/14.

-HORARIO: De luns a domingo de 11.00 horas ata as 20.00 horas.

Posto no areal da Punta

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/14 ata o 31/08/14

-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h  
Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

Posto no areal de Fontáña

- LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Fontáña.

- DATAS DE ATENCIÓN: do 1/07/14 ata o 31/08/14

- HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.  
Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto no areal de Samil

-MEDIOS HUMANOS: 3 socorristas de primeiros auxilios  
2 conductores  
1 D U E

-MEDIOS MATERIAIS: ambulancia e material sanitario. O posto fixo é de titularidade do Concello

Posto no areal do Vao

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.  
1 conductor – socorrista

-MEDIOS MATERIAIS: material sanitario. O posto fixo é de titularidade do Concello.

Posto no areal de Rodas nas illas Cíes

-MEDIOS HUMANOS: 1 médico ou D U E (meses de xullo e agosto)  
2 socorristas de primeiros auxilios

-MEDIOS MATERIAIS: Posto fixo e material sanitario

Posto no areal de Tombo do Gato ( A Fonte)

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Canido

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.

-MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Argazada ( Samil 2)

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.

-MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal da Punta (Teis)

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.

-MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Fontaiña

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

**12(557).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A CREACIÓN E REXISTRO DUN ARQUIVO PERSOAL DE REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN. EXPTE. 6572/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 28.05.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado, que di o seguinte:

*O servizo de Participación Cidadá, ten entre as súas competencias manter o Rexistro Municipal de Asociacións no que é necesario o tratamento de datos de carácter persoal, cara ao acceso ás axudas e servizos que se ofrecen desde Participación Cidadá, tendo en conta a súa relación coas asociacións.*

*Conforme a estas necesidades e unha vez realizado o estudio e tendo en cotna que non está inscrito na Axencia de Protección de Datos, é obriga deste servizo a creación dun ficheiro de tratamento de datos persoais conforme ao establecido na lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honradez e intimidade persoal e familiar, conforme a estrutura de datos que se recaban conforme se indica no Anexo II.*

*No artigo 20 de devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións só poderanse facer por medio de disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.*

*Conforme ao exposto é preciso a creación do seguinte ficheiro conforme aos requirimentos dos Anexos I:*

- *Rexistro Municipal de Asociacións Nivel Medio*

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordo:

1º.- Autorizar ao servizo de Participación Cidadá a crear o arquivo persoal seguinte conforme as especificacións dos Anexos:

a) "Rexistro Municipal de Asociacións" que está especificado no anexo I que se achega.

2º.- A información esixida no artigo 20 da Lei 15/1999 de 13 de decembro, relativa á protección de datos de carácter persoal para a creación do ficheiro está contida no anexo I.

3º.- Delegar no servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo a responsabilidade de xestión do ficheiro mixto creado e a regularización do mesmo conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

#### ANEXO I

Nome e descrición do ficheiro:	"Rexistro Municipal de Asociacións"
Finalidade do ficheiro:	Levar un rexistro das asociacións e entidades sin ánimo de lucro.
Órgano Responsable do Ficheiro	Servizo de Participación Cidadá
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter os datos ou que resulten obrigados a subministralos:	Asociacións e entidades sin ánimo de lucro que teñan o seu ámbito de actuación no termo municipal de Vigo
Servizos ante os que se exercitan os dereitos de acceso, retificación, cancelación e oposición:	Secretaría Xeral Concello de Vigo. Praza do Rei 1. C.P. 36202 Vigo o no teléfono 010.
Nivel do Ficheiro:	Medio
Procedencia e procedemento de recollida dos datos:	Entidades sin ánimo de lucro interesadas. Rexistro xeral municipal
Tipos de datos de carácter persoal:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos de carácter identificativo: Nome e Apelidos, NIF, sexo, cargo directivo e data de nacemento.</li> <li>• Datos de localización: Telefono, fax, enderezo postal e enderezo electrónico,</li> </ul>
Sistema de tratamento:	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos:	As previstas pola Lei e ao Ministerio do Interior
Transferencias internacionais de datos a terceiros países:	Non se atopan fornecidas.

#### Anexo II

#### DATOS DAS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO

1. identificador rexistro asociacion

2. *nome da asociacion*
3. *cif asociacion*
4. *data alta*
5. *data baixa*
6. *data actualizacion*
7. *Razón social:*
  1. *dirección*
  2. *código postal*
  3. *localidade*
  4. *provincia*
  5. *parroquia*
  6. *barrio*
  7. *distrito*
  8. *seccion*
8. *telefono*
9. *telefono 2*
10. *fax*
11. *Correo electrónico*
12. *Páxina web*
13. *Dirección de notificación:*
  1. *direccion notificación*
  2. *codigo postal notificación*
  3. *localidade notificación*
  4. *provincia notificación*
  5. *telefono notificación*
  6. *telefono 2 notificación*
  7. *fax notificación*
  8. *correo electrónico notificación*
14. *Clasificación da entidade*
  1. *tipo*
  2. *tema*
  3. *grupo*
15. *obxecto social*
16. *ambito de actuación*
17. *número de integrantes individuais*
18. *número de integrantes colectivos*
19. *data de constitucion*
20. *número de rexistro autonómico*
21. *data de actualizacionc de datos*
22. *datos banacarios:*
23. *codigo bancario*
24. *código ían*
25. *conta bancaria*
26. *información anual:*
27. *presuposto anual*
28. *cota*
29. *memoria anual de actividades*
30. *balance anual contable*
31. *programa anual*
32. *presuposto anual*
33. *banco*
34. *data de baixa*
35. *datos históricos:*
  1. *fecha\_historico*
  2. *Clasificación da entidade*
  3. *tipo*
  4. *tema*
  5. *grupo*
  6. *dirección:*
  7. *cod\_via*
  8. *numero*
  9. *piso*
  10. *porta*
  11. *ref\_catastral*
36. *DIRECTIVAS E VOGAIS*
  1. *identificador persoa*
  2. *identificador directiva*
  3. *identificador asociacion*
  4. *registro\_municipal*
  5. *nome*
  6. *cargo*
  7. *direccion*
  8. *cod\_postal*
  9. *poblacion*
  10. *provincia*
  11. *telefono*
  12. *fax*
  13. *correo electrónico*
  14. *sexo*
  15. *data de nacemento*
  16. *nif*
  17. *area*
  18. *identificador cargo*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(558).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AO POLICÍA CON NIP 294527. EXPTE. 40762/212.**



Visto o informe-proposta do intendente da Policía Local, do 14.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Ordenar a incoación de expediente disciplinario contra o funcionarios de Policía Local con NIP 294527 pola condena, en virtude de sentenza firme nº 30/2014, do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Ponteareas no procedemento Dilixencias Urxentes/ Xuízo Rápido 136/2014, como autor responsable de sendos delitos de lesións e ameazas no ámbito de violencia de xénero en domicilio común a penas de 6 meses de prisión, 962 días de privación do dereito á tenencia e porte de armas, e demais penas que se dispoñen no fallo da precitada sentenza.

Os feitos poden ser constitutivos dunha falta disciplinaria moi grave, tipificada no art. 79, b) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais de Galicia: “ Ser condenado, en virtude de sentenza firme, a pena privativa de liberdade, como autor dunha conduta constitutiva de delito doloso relacionada con servizo ou que cause grave dano á administración ou aos administrados.”

A sanción prevista, de conformidade co disposto no art. 83 é a de separación do servizo ou suspensión de funcións por máis dun ano e ata tres anos.

SEGUNDO.- A efectos da tramitación do expediente, nomear instrutor do procedemento ao Inspector Principal da Policía Local de Vigo D. Alberto Freire Estévez e secretario ao Inspector do mesmo Corpo, D. Francisco Javier Álvarez Ferreira.

TERCEIRO.- Notificar o presente Acordo ao instrutor, secretario e ao funcionario de policía expedientado, aos efectos legalmente previstos. Notifíquese asimismo, ao Servizo de Persoal e á Xunta de Persoal.

**14(559).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2014. EXPTE. 25277/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.06.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de Organización e Planificación, do 19.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	abril	De Costas Fernández, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	590,94	65,28	656,22
Policia Local	abril	De Abalde Casanova, Jesús I a Vivero Mijares, Juan G.	46.616,93	27.867,76	74.484,69
Parque Móbil	abril	De Amoedo Moreira, José Luis a Troncoso Martínez, Avelino	455,27	210,80	666,07
Extinción Incendios	abril	De Álvarez Torres, Rogelio a Veiga García, Rubén	2.311,50	361,76	2.673,26
Cementerios	abril	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.564,76	0,00	2.564,76
Desinfección	abril	De Pardellas Aviñón, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	144,72	130,56	275,28
Limpeza	abril	De Fernández Pérez, Fernando a Riveiro Cea, Lidia M <sup>a</sup>	140,70	13,60	154,30
Parque Central	abril	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	992,94	783,36	1.776,30
Museo	abril	De Ogando López, José M.a González Bello, Andrés	291,45	0,00	291,45
IMD	marzo	De Alves Cerqueira, Antonio	90,45	27,20	117,65
TOTAIS			54.199,65	29.460,32	83.659,97

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 83.659,97 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00-GRATIFICACIÓNS.

**15(560).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NOS ACORDOS DA X.GOVERNO LOCAL DE 20.09.10 E 16.05.14, EN RELACIÓN A IMPORTE DA PRODUTIVIDADE. EXPTE. 25293/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 27.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 acordou a aprobación do expte nº 20049-220 "Adecuacións retributivas ano 2010. R..P.T. e instrucións 2010"*

*En dito acordo , no apartado referido as instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, no seu punto Terceiro f) recolle que, con cargo a partida 92201500000 , en concepto de produtividade, aboarase "A toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipule produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, (5,58€/hora). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto, sempre previa avaliación, comprobación e emisión do correspondente informe favorable polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e previa consulta os Órganos especializados competentes, conforme exista manipulación de produtos tóxicos e perigosos.*

*Así mesmo, na sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, a Xunta de Goberno adoptou o acordo de Autorización de Aboamento de produtividade por toxicidade ao Persoal das Brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e Parque mobil (Expte 23537-220), polo que se autoriza o aboamento , en concepto de toxicidade , conforme ao punto terceiro f) das vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, a cantidade de 5,58€/hora, para o cal deberá remitirse ao Servizo de Recursos Humanos, relación de traballadores, nome, n<sup>a</sup> de persoal, posto, datas e n de horas da xornada laboral nas que os traballadores realicen as funcións nas circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos, sen prexuízo da obrigatoriedade de utilización das medidas preventivas dispostas polo*

*Servizo de Prevención de Riscos Laborais.*

*Detectado un erro aritmético e de transcripción nas propostas anteriores no referente ao ao punto terceiro f) das vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos en canto ao importe a aboar por hora, , de conformidade co previsto no artigo 105 apartado 2 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materias, de feito e aritméticos existentes nos seus actos; propónse a Xunta de Goberno Local:*

*Rectificar os erros materias detectados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2010, sobre a "Adecuacións retributivas ano 2010. R..P.T. e instrucións 2010"(Expte 20049-220) e 16 de maio de 2014 sobre Autorización de Aboamento de produtividade por toxicidade ao Persoal das Brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e Parque Mobil (Expte 23537-220), debendo figurar o importe de 5.58 €/día*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(561).- LIQUIDACIÓN XUROS NA EXECUCIÓN 230/2013 DO XULGADO DO SOCIAL Nº5 NOS AUTOS 20/2013 SEGUIDO A INSTANCIA DE D<sup>a</sup>. ENMA DÍAZ LOPEZ. EXPTE. 25284/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 20.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 12 de maio 2014 dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 5 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 230/2013, sendo demandante D<sup>a</sup> Enma Díaz López en relación co procedemento 20/2013 en materia de despido.*

*En dita resolución cuantifícanse os intereses que ascenden a 510,54 €, así como 500,00 €, en concepto de honorarios do letrado establecidos en sentenza do TSXG.*

*Dita execución 230/2013 correspondense ao procedemento 20/2013 relativo a demanda de despido presentada por D<sup>a</sup> Enma Díaz López contra o Concello de Vigo, a cal foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de setembro de 2013.*

*Soamente procede o abono dos intereses, dado que os honorarios do Letrado estanse a tramitar pola Asesoría Xurídica Municipal.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (arti-*

go 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 510.54 € con cargo a partida 92201410000 "indemnizacións por sentenzas xudiais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, na execución 230/2013, procedéndose ao abono da cantidade de 510,54 € en concepto de o de intereses non aboados unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3630 0000 64 023013.

Segundo.- Non procede o abono dos 500 € correspondentes a honorarios do Letrado, dado que se están a tramitar pola Asesoría Xurídica Municipal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2

*meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(562).- LIQUIDACIÓN DE XUROS NA EXECUCIÓN 287/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº2 NO PROCEDIMENTO 1341/2011 SEGUIDO A INSTANCIA DE D<sup>a</sup>. MARIA DEL CARMEN MOURIÑO BARROS. EXPTE. 25268/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 19.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 23 de abril de 2014 dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 2 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 287/2012, sendo demandante D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Mouriño Barros en relación co procedemento 1341/2011 en materia de recoñecemento de dereito e cantidades (acción social).*

*En dita resolución cuantifícanse os intereses que ascenden a 26,95 €.*

*Dita execución 287/2012 correspondense ao procedemento 1341/2011 relativo a demanda de reclamación de dereito e cantidades (fondo social dos anos 2010 e 2011) presentada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Mouriño Barros contra o Concello de Vigo e a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, a cal foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.*

*En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e,*

no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 26,95 € con cargo a partida 92201410000 "indemnizacións por sentenzas xudiais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, na execución 287/2011, procedéndose ao abono da cantidade de 26,95 € en concepto de o de intereses non aboados unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3627 0000 64 028712.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(563).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA BAIXADA A MESTRE CHANÉ” (INVERSIÓNS AQUALIA). EXPTE. 2465/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.05.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprometéase a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.*

*O proxecto de “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA BAIXADA A MESTRE CHANÉ”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 9 de maio co número de expediente 2.346/443 por importe de 445.176,64 € (IVE excluído).*

*En data 13 de maio 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.*

*Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA BAIXADA A MESTRE CHANÉ”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:*

*Código do proxecto: Expte. 1.852/440*

*Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.*

*NIF: A38849495.*

*Orzamento de execución material: 374.098,02 €*

*Orzamento de contrata: 445.176,64 € (IVE excluído).*

*Prazo de execución: 5 meses.*

*Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.*

*Clasificación do contratista: E1c e e G6c*

*Prazo de garantía: 2 anos.*

*Asistencia Técnica: SOLTEC INGENIEROS.*

*Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.*

*Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM gestión de seguridad en construcción.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada da tramitación do expediente “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA BAIXADA A MESTRE CHANÉ”, tal e como se recolle no precedente informe.

**19(564).- PROPOSTA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO PARA O “REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALADARES, ESTRADA DA VENDA”. EXPTE. 2639/443.**

Dáse conta do informe-proposta do 27.05.14, do xefe de Área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de dita Área que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.*

*Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.*

*Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.*

*Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 21 de maio de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 26 de maio, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Reforzo da rede de abastecemento na parroquia de Valadares. Estrada da Venda”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**20(565).- DEFICIENCIAS NAS OBRAS DE “INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA TOMAS A. ALONSO”. EXPTE. 2586/443.**

Dáse conta do informe-proposta do 2.06.14, do xefe de Área de Fomento, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

*Con data 28 de maio de 2010 este Concello e a mercantil “SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.” asinaron o contrato para execución das obras do proxecto de instalación de redes separativas de pluviais, renovación das redes de abastecemento e saneamento e mellora lumínica da rúa Tomás A. Alonso (curva de San Gregorio).*



No contrato contemplábase un prazo de garantía de 60 meses.

Para responder do cumprimento deste contrato con data 30 de abril de 2010, a contratista presentou na Tesouraría Municipal aval do Banco de Galicia (número de operación 201000028146), por importe de 49.500,25€ que, de conformidade co previsto no artigo 88.b) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, quedou afecto, entre outras responsabilidades, a garantir a correcta execución das prestacións contempladas no contrato (...) e dos danos e prexuízos ocasionados á Administración con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento.

Según informa o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras con data 24 de marzo pasado, nunha visita de inspección efectuada tras recibirse numerosas queixas veciñais, púdose comprobar que a obra contaba cunha serie de deficiencias como consecuencia dunha mala execución (básicamente na zona da calzada con síntomas de gretamentos e afundimentos no aglomerado asfáltico, que obriga a fresar e aglomerar nuns tramos; e a demoler o paquete de firme, saneando e reconstruíndo un novo, noutros.

Ao seu informe achega unha memoria presupostada dos traballos a realizar polo contratista para arranxar as deficiencias, xa que a obra atópase dentro do prazo de garantía que remata o 23 de decembro de 2015, cun presuposto de execución material estimado en 54.414,65€.

Posteriormente, con data 7 de abril de 2014, informa que o prazo necesario para executar os devanditos traballos estímase en sete semanas, que a xuízo do Xefe da Área que subscribe, deberían incrementarse en dúas máis para as actuacións previas ao inicio dos traballos.

Por todo o exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, como órgano de contratación, consonte ao disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que adopte o seguinte acordo:

1º.- Requirir a “SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.”, contratista das obras do proxecto de instalación de redes separativas de pluviais, renovación das redes de abastecemento e saneamento e mellora lumínica da rúa Tomás A. Alonso (curva de San Gregorio) para que proceda a executar as obras de arranxo incluídas na memoria presupostada redactada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, D. Jorge Muñoz Rama, de data 21 de marzo pasado, para subsanar os defectos constructivos aparecidos na referida obra.

Os traballos de arranxo deben iniciarse no prazo máximo de dúas semanas e deberán estar rematados transcorridas sete semanas, como máximo, dende o seu inicio.

2º.- Advertirlle á contratista que se os traballos non foran iniciados ou rematados nos referidos prazos, serán executados na parte pendente polo Concello a súa costa, para o que se procederá á incautación da garantía definitiva establecida para responder da execución deste contrato ata donde alcance, e sen prexuízo de esixirle o pago da cantidade restante que puidera resultar, incluso por vía de constrinximento.

O presente acordo notifíquese á contratista do xeito regulamentariamente establecido e dese conta do mesmo ao Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras para que controle a execución dos traballos nas condicións e prazos establecidos, comunicando a este órgano de contratación calquera incumprimento dos mesmos a efectos de iniciar o procedemento de execución subsidiaria con incautación da garantía definitiva.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**21(566).- PERSONAMENTO EN RC-A Nº 7017/2014 INTERPOSTO POR VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. CONTRA A RESOLUCIÓN DE 14.02.13 DA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO DA CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. EXPTE. 351/449.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 28.05.14, conformado polo concelleiro-delegado que di o seguinte:

*Na data 20 de maio de 2014 (doc. 140059339) se recibiu no Rexistro xeral do Concello oficio remitido polo Servizo técnico-xurídico da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria, da Xunta de Galicia, no que se informa da remisión do expediente administrativo solicitado pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación ao recurso contencioso-administrativo número 7017/2014 interposto por Viguesa de Transportes, S.L. contra a Resolución de data 14 de febreiro de 2013, da Dirección Xeral de Comercio, da Consellería de Economía e Industria, por la que se denega a autorización das tarifas do servizo municipal de autobuses do Concello de Vigo.*

*No citado oficio emprazase ao Concello para que poda comparecer e formular as alegacións que defendan os intereses do Concello.*

*Como queira que aínda que o recurso contencioso-administrativo non foi interposto contra unha Resolución do Concello, pero si contra unha Resolución desestimatoria da autorización das tarifas do servizo urbano de transporte de viaxeiros da cidade de Vigo , prestado en réxime de concesión administrativa pola empresa Viguesa de Transportes S.L.,e, a Sentencia que recaía no mesmo podería afectar as tarifas de aplicación no servizo , considérase que procede o personamento do Concello no citado Recurso.*

*Polo exposto, e de conformidade co disposto no apartado PRIMEIRO letra l) do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2011, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*“ACORDAR O PERSONAMENTO COMO CODEMANDADO DO CONCELLO DE VIGO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO nº 7017/2014, ( procedemento ordinario ) que se tramita no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia interposto por Viguesa de Transportes, S.L. contra a Resolución de data 14 de febreiro de 2013, da Dirección Xeral de Comercio, da Consellería de Economía e Industria, pola que se denega a autorización das tarifas do servizo municipal de autobuses do Concello de Vigo, para o ano 2013”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**22(567).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O ACTO DE APERTURA DO “FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2014”. EXPTE. 5175/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Turismo, do 26.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Turismo, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a solicitude de subvencións para o acto de apertura do “Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2014” que terá lugar o 20.07.2014, ao abeiro da convocatoria da Xunta de Galicia por importe de 3.500€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, resolución de 28 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión publicadas o 19 de maio de 2014, pola Axencia de Turismo de Galicia.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 8.100€ que importa o acto I: Apertura do Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2014, segundo compromiso do convenio de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 27 de maio de 2014 (expte5550/335).

### **23(568).- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE VERÁN XOVE 2014. EXPTE. 4193/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes de de fiscalización do 28.05.14 e 4.06.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 27.05.14, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo e o Concelleiro delegado de Facenda, que di o seguinte:

#### VERÁN XOVE

##### INTRODUCCIÓN

*O Concello de Vigo, a través do seu programa Verán Xove 2014, pon en marcha os campamentos e actividades estivais, co obxecto de ofertar un tempo de lecer educativo dentro da propia cidade. Ademais, preténdese favorecer o emprego e a participación xuvenil, así como facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e dos homes.*

*Tres grandes bloques de actividades compoñen a programación VeránXove2014:*

- I.- Campamentos urbanos*
- II.-Espazos de Tempo Libre*
- III.-Actividades xuvenís*

*Ao final deste folleto atópase un resumo da programación e os enderezos de interese.*

##### COMO ACCEDER ÁS ACTIVIDADES DE VERÁN XOVE 2014

*As actividades de Verán Xove 2014 van dirixidas á poboación infantil e xuvenil da cidade de Vigo. Polo tanto, é requirimento imprescindible estar empadroad/a no Concello de Vigo.*

*O procedemento para inscribirse varía dependendo do bloque ao que pertenza a actividade:*

##### BLOQUE I.- Campamentos urbanos

*Actividades na cidade para rapaces e rapazas de Vigo e con idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos (ver o apartado “idade” ou “ano de nacemento” en cada unha das actividades).*

##### BLOQUE II.- Espazos de Tempo Libre.

Espazos onde empregar o tempo de lecer realizando obradoiros, xogando, creando... e, sobre todo, divertíndose con amigos e amigas. Están dirixidos ao público infantil (ver idades para cada un dos espazos).

Inscripcións: presencialmente no espazo elixido e ata cubrir prazas (ver enderezos e horarios de cada un dos espazos).

### BLOQUE III.- Actividades xuvenís.

Actividades desenvolvidas e dirixidas por e para o público xuvenil (13 a 35 anos).

Haberá algunhas actividades que precisen inscrición previa por motivos de organización.

Esta información, xunto coa programación específica de cada espazo, estará dispoñible na web da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo coa antelación suficiente.

### BLOQUE I: CAMPAMENTOS URBANOS

#### – ACAMPADA EN VIGOZOO:

- *Actividades: coñecemento e observación dos animais e o seu modo de vida, roteiros, orientación pola natureza, safari fotográfico, planetario, escalada, xogos, obradoiros, veladas...*
- *Horario: dende as 10:00 do luns ata a tarde do venres (con durmida en liteiras e comidas incluídas). O primeiro día haberá servizo de acollida de 8:00 a 10:00h.*
- *Ano nacemento: 2002-2006*
- *Lugar: VigoZoo (Praza dos Leóns. Madroa - Teis)*

Código	Actividade	Datas	Prezo
Zoo Acampada 1	Acampada en Vigo-Zoo	Do 23 ao 27 de xuño	108€
Zoo Acampada 2	Acampada en Vigo-Zoo	Do 30 de xuño ao 4 de xullo	108€

#### – INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN INGLÉS:

- *Actividades: xogos en inglés, descubrimento dos animais e dos seus lugares de orixe, obradoiros de reciclaxe, construción de cometas e instrumentos musicais, esgrima, rugby etc. Todo elo impartido por monitores/as nativos/as e bilingües para aprender e/ou mellorar o dominio da lingua inglesa.*
- *Ano nacemento: 2000-2009*
- *Horario: 9:00 a 18:00h. de luns a venres. Atención matinal de 8:00 a 9:00h. (Levar comida da casa/posibilidade de comer na cafetería).*
- *Lugar: VigoZoo*

Código	Actividade	Datas	Prezo
Zoo Inglés 1	VigoZoo en Inglés (10 días)	Do 7 ao 18 de xullo	95€
Zoo Inglés 2	VigoZoo en Inglés (8 días)	Do 21 ao 31 de xullo	76€

#### – VERÁN EN BOUZAS:

- *Actividades: música, malabares, teatro, acrobacias, maxia, mímica, risa, saídas, festa e moitos xogos. O estrafalario pallaso Trompetín coa nariz vermella, a perruca grotesca, a*

roupa de cores relucentes e uns enormes zapatos, fará todo tipo de falcatruadas e unha chea de desfeitas ao tempo que

vai presentando as diferentes actividades.

- Ano nacemento: 2002-2010
- Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h.
- Lugar: Pavillón de Bouzas (R/ Eduardo Cabello s/n)

Código	Actividade	Datas	Prezo
Bouzas 1	Verán en Bouzas (15 días)	Do 23 de xuño ao 11 de xullo	60€
Bouzas 2	Verán en Bouzas (13 días)	Do 14 ao 31 de xullo	52€
Bouzas 3	Verán en Bouzas (10 días)	Do 1 ao 14 de agosto	40€
Bouzas 4	Verán en Bouzas (10 días)	Do 18 ao 29 de agosto	40€
Bouzas 5	Verán en Bouzas (5 días)	Do 1 ao 5 de setembro	20€

- VERÁN EN SAMIL:

- Actividades: piscina, xogos na praia, fútbol, baloncesto, mini-olimpíadas, visita á pista de patinaxe, actividades en inglés e mil aventuras e actividades ao aire libre. Tomarase como punto de partida os deportes da Grecia antiga e farase un percorrido pola historia e evolución do deporte.
- Ano nacemento: 2002-2010
- Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h
- Lugar: Complexo Deportivo de Samil (Avda. Samil s/n)

Código	Actividade	Datas	Prezo
Samil 1	Verán en Samil (6 días)	Do 23 de xuño ao 30 de xuño	24€
Samil 2	Verán en Samil (11 días)	Do 1 ao 15 de xullo	44€
Samil 3	Verán en Samil (11 días)	Do 16 ao 31 de xullo (agás o 25)	44€
Samil 4	Verán en Samil (10 días)	Do 1 ao 14 de agosto	40€
Samil 5	Verán en Samil (10 días)	Do 18 ao 29 de agosto	40€

- MÓLLATE NA ETEA:

- Actividades: náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e terrestres (grandes xogos, saídas culturais, obradoiros...).
- Ano nacemento: 2003-2006
- Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h
- Lugar: ETEA

Código	Actividade	Datas	Prezo
ETEA Móllate 1	Móllate na ETEA(10 días)	Do 30 de xuño ao 11 de xullo	70€
ETEA Móllate 2	Móllate na ETEA(9 días)	Do 14 ao 24 de xullo	63€
ETEA Móllate 3	Móllate na ETEA(10 días)	Do 28 de xullo ao 8 de agosto	70€
ETEA Móllate 4	Móllate na ETEA(9 días)	Do 11 ao 22 de agosto (agás o día 15)	63€
ETEA Móllate 5	Móllate na ETEA(5 días)	Do 25 ao 29 de agosto	35€

– VERÁN NÁUTICO NA ETEA:

- Actividades: náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e terrestres (grandes xogos, saídas culturais, obradoiros...).
- Ano nacemento: 2000-2002
- Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h
- Lugar: ETEA

Código	Actividade	Datas	Prezo
ETEA Náutico 1	Verán Náutico na ETEA (10 días)	Do 30 de xuño ao 11 de xullo	70€
ETEA Náutico 2	Verán Náutico na ETEA (9 días)	Do 14 ao 24 de xullo	63€
ETEA Náutico 3	Verán Náutico na ETEA (10 días)	Do 28 de xullo ao 8 de agosto	70€
ETEA Náutico 4	Verán Náutico na ETEA (9 días)	Do 11 ao 22 de agosto (agás o 15)	63€
ETEA Náutico 5	Verán Náutico na ETEA (5 días)	Do 25 ao 29 de agosto	35€

– NAVEGANDO NA ETEA:

- Actividades: náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e terrestres (grandes xogos, saídas culturais, obradoiros...).
- Ano nacemento: 1996-1999
- Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h
- Lugar: ETEA

Código	Actividade	Datas	Prezo
ETEA Navegando 1	Navegando na ETEA (10 días)	Do 30 de xuño ao 11 de xullo	70€
ETEA Navegando 2	Navegando na ETEA (9 días)	Do 14 ao 24 de xullo	63€
ETEA Navegando 3	Navegando na ETEA (10 días)	Do 28 de xullo ao 8 de agosto	70€
ETEA Navegando 4	Navegando na ETEA (9 días)	Do 11 ao 22 de agosto (agás o 15)	63€
ETEA Navegando 5	Navegando na ETEA (5 días)	Do 25 ao 29 de agosto	35€

– VERÁN MARIÑEIRO:

- Actividades: Actividades de navegación en piraguas e en embarcacións tradicionais no entorno das praias de Bouzas e Alcabre; baño, xogos e comida na praia; aspectos de cultura marítima e visita guiada ao Museo do Mar
- Ano nacemento: 2001-2007
- Horario: 9:00 a 18:00h, de luns a venres (Levar comida da casa). As actividades do campamento realizaranse a partires das 10:00h.
- Lugar: A.V. Bouzas (R/ do Pazo, 2)

Código	Actividade	Datas	Prezo
Mariñeiro 1	Verán Mariñeiro	Do 30 de xuño ao 4 de xullo	48€
Mariñeiro 2	Verán Mariñeiro	Do 7 ao 11 de xullo	48€
Mariñeiro 3	Verán Mariñeiro	Do 14 ao 18 de xullo	48€
Mariñeiro 4	Verán Mariñeiro	Do 21 ao 25 de xullo	48€
Mariñeiro 5	Verán Mariñeiro	Do 28 de xullo ao 1 de agosto	48€
Mariñeiro 6	Verán Mariñeiro	Do 4 ao 8 de agosto	48€

Mariñeiro 7	Verán Mariñeiro	Do 18 ao 22 de agosto	48€
Mariñeiro 8	Verán Mariñeiro	Do 25 ao 29 de agosto	48€

– VERÁN EN VIGOSÓNICO:

- *Actividades: reinventando os xogos (kin-ball, balóns xigantes, bolos humanos, korfball...), o mundial de Vigo, somos chefs, actividades ambientais (saída e homenaxe ás árbores), entroido de verán, obradoiros, olimpíadas deportivas, xincanas de auga...*
- *Ano nacemento: 2002-2010*
- *Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h*
- *Lugar: VigoSónico (Estrada do Portal s/n – Parque Tecnolóxico de Valadares)*

Código	Actividade	Datas	Prezo
VigoSónico 1	Verán en VigoSónico (6 días)	Do 23 ao 30 de xuño	24€
VigoSónico 2	Verán en VigoSónico (11 días)	Do 1 ao 15 de xullo	44€
VigoSónico 3	Verán en VigoSónico (11 días)	Do 16 ao 31 de xullo (agás o 25)	44€

– VERÁN MÁXICO EN VIGO:

- *Actividades: lúdico-deportivas, xogos didácticos e populares, obradoiros, aventuras, expresión corporal, pequearobic, danzaterapia, música, teatro, maxia, relaxación, arteterapia, pequeioga e outras actividades que permitan coñecer, aprender a xogar cos diferentes mundos máxicos, estimulando o desenvolvemento creativo e artístico dunha forma divertida e innovadora .*
- *Ano nacemento: 2004-2010*
- *Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h*
- *Lugar: CEP Doutor Fleming (R/ Ourense, 15)*

Código	Actividade	Datas	Prezo
Máxico1	Verán Máxico en Vigo (11 días)	Do 1 ao 15 de xullo	44€
Máxico2	Verán Máxico en Vigo (11 días)	Do 16 ao 31 de xullo (agás o 25)	44€

– VERÁN NO CASTRO:

- *Actividades: Deportivas (multideporte, xincanas, olimpíadas, deportes tradicionais...), creativas (globoflexia, cometas voadoras, pulseiras, atrapasonos...), expresivas (danzas, cantos, teatro, psicomotricidade...), xogos ao aire libre, rastrexos, festa da espuma...*
- *Ano nacemento: 2002-2010*
- *Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h*
- *Lugar: Súbete ó Castro. Parque do Castro (ao carón da pista de bicicletas)*

Código	Actividade	Datas	Prezo
Castro 1	Verán no Castro (12 días)	Do 30 de xuño ao 15 de xullo	48€
Castro 2	Verán no Castro (12 días)	Do 16 de xullo ao 1 de agosto	48€

– VERÁN EN GOLETA

- *Actividades: Navegación a bordo dunha goleta, visitas e excursións (Estreito de Rande, enseada de San Simón, Illas Cíes, redeiras de Cangas, unha batea...), xornada mariñeira, obradoiros...*
- *Ano nacemento: 2000-2006*
- *Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.*
- *Lugar: Porto Deportivo Marina Davila Sport*

<i>Código</i>	<i>Actividade</i>	<i>Datas</i>	<i>Prezo</i>
<i>Goleta 1</i>	<i>Verán en Goleta</i>	<i>Do 23 ao 27 de xuño</i>	<i>30€</i>
<i>Goleta 2</i>	<i>Verán en Goleta</i>	<i>Do 1 ao 5 de setembro</i>	<i>30€</i>

- **CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS**
  - *Actividades: Obradoiros, xogos, deportes, música, teatro, saídas e moitas outras sorpresas.*
  - *Ano nacemento: 2000-2006*
  - *Horario: 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:00h.*
  - *Lugar: Pavillón Central das Travesas*

<i>Código</i>	<i>Actividade</i>	<i>Datas</i>	<i>Prezo</i>
<i>Urbano 1</i>	<i>Campamento Urbano</i>	<i>Do 4 ao 14 de agosto</i>	<i>Gratuíto</i>

## **BLOQUE II: ESPAZOS DE TEMPO LIBRE**

- **NA CASA DA XUVENTUDE:**
  - *Datas: xuño e xullo*
  - *Idade: 7 a 12 anos*
  - *Horario: De luns a venres (16:30-20:30h.). A partir do 23 de xuño, de 8:00 a 16:00h.*
  - *Lugar: Casa da Xuventude. R/ López Mora, 31 - Baixo*
  - *Prezo: gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
  - *Inscricións: no propio espazo*
- **NO PAVILLÓN DE DEPORTES DE COIA:**
  - *Datas: xuño e xullo*
  - *Idade: 7 a 12 anos*
  - *Horario: de luns a venres (16:30-20:30h.). A partir do 23 de xuño, de 8:00 a 16:00h.*
  - *Lugar: Pavillón de Coia. Avda. Castelao s/n*
  - *Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
  - *Inscricións: no propio espazo*
- **NA LUDOTECA DO CALVARIO:**
  - *Datas: xuño e xullo*
  - *Idade: 4 a 10 anos*
  - *Horario: De luns a venres de 17:00-20:00h. No mes de xullo, de 9:30 a 13:30.*

*Só poderán asistir 2 días á semana e por orde de entrada ata cubrir cota.*

- *Lugar: R/ Sagunto, 86*
- *Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
- *Inscricións: na propia ludoteca*



- NA LUDOTECA DE CORUXO:
  - *Datas: xuño e xullo*
  - *Idade: 6 a 12 anos*
  - *Horario: De luns a venres (16:00-20:00h.). A partir do 23 de xuño, de 9:30 a 13:30h*
  - *Lugar: CEIP A Paz-Tintureira (Estrada Fragoselo,42 - Coruxo)*
  - *Prezo: 5€/mes*
  - *Inscricións: na propia ludoteca*
  
- NA LUDOTECA DE LAVADORES:
  - *Datas: xuño e xullo*
  - *Idade: 6 a 12 anos*
  - *Horario: De luns a venres de 16:30-20:30h. A partir do 23 de xuño, de 9:30 a 13:00h*
  - *Lugar: A.V. Lavadores. R/ Ramón Nieto, 302*
  - *Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
  - *Inscricións: na propia ludoteca*

### BLOQUE III: ACTIVIDADES XUVENÍS

- CASTROCONCERTOS:
  - *Horario: Os venres e sábados, dende o 6 de xuño ata o 20 de setembro, a partir das 22:00h. (agás o 21 de xuño que comezará ás 21:00h)*
  - *Lugar: No monte do Castro, ao carón da pista de bicicletas*
  - *Actividades: Concertos ao aire libre. (Suspenderase en caso de choiva)*
  - *Prezo: Gratuíto*
  
- SÚBETE AO CASTRO:
  - *Horario: Luns a xoves de 16:00 a 20:00h. e venres e sábados de 16:00 a 22:00h.*
  - *Lugar: Monte do Castro*
  - *Idades: De 13 a 35 anos*
  - *Actividades: internet, wifi, obradoiros , radioweb, actividades deportivas, festas, artes escénicas...*
  - *Prezo: Gratuíto.*
  
- VIGOSÓNICO:
  - *Horario: Martes a domingo de 16:00 a 22:00h.*
  - *Lugar: Estrada do Portal s/n. Parque Tecnolóxico de Valadares*
  - *Idades: De 13 a 35 anos*
  - *Actividades: Acceso a internet, wifi, cursos, xogos, obradoiros, fútbolín, tenis de mesa, dardos, Play Station 3, actividades deportivas, ensaios musicais, concertos...*
  - *Prezo: Gratuíto.*
  
- PUNTO XOVE:
  - *Horario: Luns a venres de 9:30 a 14:00h. e de 16:30 a 20:30h. Sábado de 10:30 a 13:30h (agás nos meses de xullo e agosto)*
  - *Lugar: López de Neira, 27*
  - *Idades: De 13 a 35 anos*
  - *Actividades: internet, wifi, obradoiros, información xuvenil*
  - *Prezo: Gratuíto.*
  
- CASA DA XUVENTUDE:

- *Horario: Luns a venres de 9:00 a 14:00h. e de 16:30 a 20:30h. Sábado de 10:30 a 13:30h (agás nos meses de xullo e agosto)*
  - *Lugar: López Mora, 31*
  - *Idades: De 13 a 35 anos*
  - *Actividades: internet, wifi, obradoiros, información xuvenil, espazos para quedar (fútbolín, dardos, Play Station3...), sala de exposicións...*
  - *Prezo: Gratuíto.*
- **IV AUTONÓMICO GALEGO DE INFINITY**
    - *Datas: 26 e 27 de xullo*
    - *Actividades: Torneo internacional do xogo de estratexia INFINITY*
    - *Lugar: Pavillón Deportivo das Travesas*
    - *Organiza: Asociación Xuvenil e Cultural Esbozos*

### CONTACTOS DE INTERESE

#### *Casa da Xuventude:*

*R/ López Mora, 31 – 36206 Vigo.*

*Tlf.: 986 294 806*

*Web: [www.xuventudevigo.org](http://www.xuventudevigo.org)*

*Correo-e: [xuventude@vigo.org](mailto:xuventude@vigo.org)*

*Horario: de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30h.*

#### *Punto Xove:*

*R/ López de Neira, 27 – 36202 Vigo*

*Tlf. 986 223 004*

*Correo-e: [puntoxove@vigo.org](mailto:puntoxove@vigo.org)*

*Horario: de luns a venres de 9:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30h.*

#### *Súbete ó Castro:*

*Monte do Castro. Paseo dos Cedros s/n*

*Tlf. 986 485 541*

*Correo e: [subeteocastro@vigo.org](mailto:subeteocastro@vigo.org)*

*Horario: de luns a xoves de 16:00 a 20:00. Venres e sábados de 16:00 a 22:00h.*

#### *VigoSónico:*

*Estrada do Portal s/n. Parque Tecnolóxico de Valadares*

*Correo e: [vigosonico@vigo.org](mailto:vigosonico@vigo.org)*

*Tlf. 986 475 403*

*Horario: de martes a domingo de 16:00 a 22:00h.*

#### *VigoZoo:*

*Praza dos Leóns s/n. Madroa - Teis*

*Correo e: [vigozoo@vigo.org](mailto:vigozoo@vigo.org)*

*Tlf. 986 26 77 83/84*

#### *Espazos de Tempo Libre:*

*•Casa da Xuventude: R/ López Mora, 31. Tlf. 986 294 806*

*•Coia: Pavillón Municipal Deportes de Coia. Avda. Castelao, s/n. Tlf. 986 242 737*

*•Calvario: R/ Sagunto, 86 .Tlf. 986 261 098*

*•Lavadores: A.V. Lavadores. R/ Ramón Nieto, 302. Tlf. 986 379 618 ou 652 146 403*

- Coruxo: CEIP A Paz-Tintureira (Estrada Fragoselo, 42 – Coruxo)
- VigoZoo: Praza dos Leóns s/n. Madroa – Teis Tlf. 986 26 77 83/84

Outros enderezos:

- Pavillón Polideportivo Bouzas: Rúa Eduardo Cabello s/n
- Pavillón Central das Travesas: Avda. Castrelos, 1
- Complexo Deportivo Samil: Avda. Samil s/n
- C.E.P. Doutor Fleming: Rúa Ourense, 15
- ETEA: Avda. Marina Española
- A.V. Bouzas: Rúa do Pazo, 2
- Porto Deportivo Marina Davila Sport: Peirao de reparacións de Bouzas

Para os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en base ao programa exposto, está previsto que dende a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo se oferten un total de 2.085 prazas de campamentos urbanos para os rapaces e rapazas de idades comprendidas entre 4 e 18 anos, 1.550 prazas nos espazos de tempo libre e 15.000 de actividades xuvenís. A Concellería de Política do Benestar Social oferta 300 prazas para campamentos de discapacidade e a Concellería de deportes 200 prazas en campamentos deportivos. O total de prazas de actividades de verán para idades comprendidas entre 4 e 18 anos que oferta o Concello de Vigo ascende a 4.135. A estas hai que engadirle as 15.000 participantes en actividades xuvenís

O orzamento da actividade a desenvolver polo Concello ascende a un total de 154.735 euros, que deberán ser consignados con cargo á partida 3370 2279912 do orzamento de Xuventude

A organización municipal da actividade de Campamentos de Verán Xove 2014, non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os/as participantes, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos no fomento do interese e participación máis activa, no desenvolvemento da actividade educativa, habida conta do incremento do custe que supón á atención profesionalizada nun horario extenso.

Tendo en conta o exposto, e considerando un asistencia aproximada de 2.085 nenos e nenas, resultan uns ingresos dos/as usuarios/as que ascenden a 83.600 €

Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o programa, serán tramitados os correspondentes contratos menores para cada unha das actividades que así o requiran.

En canto ao nº de prazas, os orzamentos, a aportación municipal, así como a aportación das familias detállase na seguinte táboa:

Campamento	Sede	Duración	Datas	Horarios	Idades	Quendas		Total Prazas	Prezo/Praza	Total	Subv. Xoven	Total Subv. X	Prezo Famili.	Total Familia
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	15 días (luns a venres)	23 xuño-11 xullo	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	112,50	5.625,00	52,50	2.625,00	60,00	3.000,00
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	13 días (luns a venres)	14-31 xullo (agás 25)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	97,50	4.875,00	45,50	2.275,00	52,00	2.600,00
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	10 días (luns a venres)	1-14 agosto 18-29 agosto	8:00-15:00	4-12 anos	2	50	100	77,40	7.740,00	37,40	3.740,00	40,00	4.000,00
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	5 días (luns a venres)	1-5 setembro	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	37,50	1.875,00	17,50	875,00	20,00	1.000,00
Verán en Samil (GOF)	Pavillón Samil	6 días	23-30 xuño	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	45,00	2.250,00	21,00	1.050,00	24,00	1.200,00
Verán en Samil (GOF)	Pavillón Samil	10 días	1-14 agosto 18-29 agosto	8:00-15:00	4-12 anos	2	50	100	75,00	7.500,00	35,00	3.500,00	40,00	4.000,00
Verán en Samil (GOF)	Pavillón Samil	11 días	1-15 xullo 16-31 xullo	8:00-15:00	4-12 anos	2	50	100	82,50	8.250,00	38,50	3.850,00	44,00	4.400,00
Verán Náutico na ETEA (Tierra y Mar)	ETEA	10 días (luns a venres)	30 xuño-11 xullo 28 xullo-8 agosto	8:00-15:00	8-11 anos 12-14 anos 15-17 anos	2	50	100	113,00	11.300,00	43,00	4.300,00	70,00	7.000,00
Verán Náutico na ETEA (Tierra y Mar)	ETEA	9 días (luns a venres)	14-24 xullo 11-22 agosto (agás 15)	8:00-15:00	8-11 anos 12-14 anos 15-17 anos	2	50	100	102,00	10.200,00	39,00	3.900,00	63,00	6.300,00
Verán Náutico na ETEA (Tierra y Mar)	ETEA	5 días (luns a venres)	25-29 agosto	8:00-15:00	8-11 anos	1	50	50	56,00	2.800,00	21,00	1.050,00	35,00	1.750,00
Verán mariñeiro (Turnatur)	A.V. Bouzas	5 días (luns a venres)	30 xuño-4 xullo 7-11 xullo 14-18 xullo 21-25 xullo 28 xullo-1 agosto 4-8 agosto 18-22 agosto 25-29 agosto	10:00-18:00	7-13 anos	8	30	240	65,00	15.600,00	17,00	4.080,00	48,00	11.520,00
Verán en Vigo Sónico	Vigo Sónico	11 días	1-15 xullo 16-31 xullo	8:00-15:00	4-12 anos	2	75	150	82,50	12.375,00	38,50	5.775,00	44,00	6.600,00
Verán en Vigo Sónico	Vigo Sónico	6 días	23-30 xuño	8:00-15:00	4-12 anos	1	75	75	45,00	3.375,00	21,00	1.575,00	24,00	1.800,00
Verán Máxico en Vigo (Mekáné)	C. Doutor Fleming	11 días	1-15 xullo 16-31 xullo	8:00-15:00	4-10 anos	2	50	100	82,50	8.250,00	38,50	3.850,00	44,00	4.400,00
Verán no Castro (Exodega)	Monte do Castro	12 días	30 xuño - 15 xullo 16 xullo - 1 agosto	8:00-15:00	4-12 anos	2	30	60	90,00	5.400,00	42,00	2.520,00	48,00	2.880,00
Campamento Urbano (Abertal)	Pav. Travesas	10 días	4-14 agosto	10-13 e 17	8-14 anos	1	450	450	33,33	15.000,00	33,33	15.000,00	0,00	0,00
Verán en Goleta		5 días (luns a venres)	23-27 xuño 1-5 setembro	8:00-15:00	8-14 anos	2	30	60	40,00	2.400,00	10,00	600,00	30,00	1.800,00
Acampada en Vigo Zoo	Vigo Zoo	5 días (luns a venres)	23-27 xuño 30 xuño-4 xullo	Día completo	8-12 anos	2	50	100	200,20	20.020,00	92,20	9.220,00	108,00	10.800,00
Vigo Zoo en Inglés	Vigo Zoo	10 días	7 ao 18 xullo	8:00-15:00	8-12 anos	1	50	50	110,00	5.500,00	15,00	750,00	95,00	4.750,00
Vigo Zoo en Inglés	Vigo Zoo	8 días	21 ao 31 xullo	8:00-15:00	8-12 anos	1	50	50	88,00	4.400,00	12,00	600,00	76,00	3.800,00
<b>TOTAL</b>						<b>2.085</b>		<b>2.085</b>		<b>154.735</b>		<b>71.135</b>		<b>83.600</b>

Por todo elo, e en base ao anteriormente exposto, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

*Primeiro.-" Aprobar o programa de Actividades de Verán Xove 2014, redactado polo Servizo de Xuventude en data 7 de maio de 2014, que recolle un total de 2.085 prazas de campamentos, 1.550 prazas de Espazos de Tempo Libre , 300 prazas ofertadas pola Concellería de Política do Benestar Social para campamentos de discapacidade e 200 prazas ofertadas pola Concellería de Deportes en campamentos deportivos. O total de prazas de actividades de verán para nenos e nenas que oferta o Concello de Vigo ascende a 4.135, que sumadas as 15.000 de actividades xuvenís fan un total de 19.135 participantes*

*O orzamento total das actividades organizadas dende a Concellería de Xuventude ascende a 154.735 euros, que deberán ser consignados con cargo á partida 3370 2279912 do orzamento de Xuventude e a súas bolsas de vinculación, sen que a utilización das outras partidas da bolsa de vinculación afecten ao normal funcionamento do servizo. Os ingresos procedentes das familias cuxos fillos e fillas participan no programa ascenden a un total de 83.800 €. A aportación municipal ao programa ascende a un 46% do importe total, sendo así o custe para o Concello de Vigo de 71.135 €*

*Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante de conformidade co informe que contén o programa".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

**24(569).- PROXECTO DE CONVENIO CON APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA. EXPTE. 4136/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.04.14, o informe de fiscalización do 15.04.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de xuventude, do 22.05.14, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e o concelleiro delegado de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e APAMP, Asociación de Familias de Personar con Parálise Cerebral, que se adxunta o presente expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 20.000 € euros a favor da entidade APAMP, Asociación de Familias de Personar con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 con cargo á partida 3370.489.00.03 do vixente orzamento prorrogado. Por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, realizarase un pago anticipado do 50% do importe e non se esixen garantías.

TERCEIRO: Librar a cantidade de 10.000 € € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante(10.000 €) á finalización do mesmo.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio.

*Na Casa do Concello de Vigo, a*

#### REUNIDOS

*Dunha parte, dona María Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro 2013 , sobre delegación de atribucións.*

*Doutra, D. Daniel Varela Lago, con DNI: 36012389-R como presidente da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 4136/336*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con discapacidade psíquica-física de calquera índole adquiren os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.*

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000 euros, a favor da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4136/336

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, o Concello de Vigo e a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

Primeiro.-A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas, sendo a media de participación semanal é de 50.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

*1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellaría de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*2º.- Conceder directamente á APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral unha subvención por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria "SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP " 33704890003 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2014.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.*

*A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*



Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que foi obxecto de concesión, e como data tope o 19 de decembro de presente ano.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2014.

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A asociación APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a*

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**25(570).- PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDO OS ESPAÑOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 26.05.14, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, que di o seguinte:

*Con data 28 de abril de 2014, o Pleno Municipal aprobou A CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS E ARITMETICOS, NA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS, NÚMERO 01/2014, QUE SE FINANCIA CON CARGO AO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO OBTIDO DA LIQUIDACIÓN DOS ESTADOS CONSOLIDADOS CORRESPONDENTES AO EJERCICIO DO 2.012. EXPEDIENTE Nº:2288/440, e entre outros aspectos as inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, atópanse suxeitas o rigorosidade do principio de que tales investimentos deben cumprir co principio de "investimentos que sexan financeiramente sustentables ao longo da súa vida útil".*

*De acordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto responde aos criterios definidos para "inversións reais", xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de rehabilitación e mellora en bens propiedade municipal, en concreto vías públicas e locais.*

*Esta actuación atende ás necesidades de execución de obras de mellora nas prazas sinaladas: Princesa e Argüelles, así como á intervención nos espazos existentes baixo a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles. As características concretas destas obras aparecen recollidas*

no proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no casco vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles, redactado polos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

En relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida útil non inferior a cinco anos, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións realizadas a través da utilización de elementos construtivos cunha vida útil en todos os casos maior do límite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal é susceptible de ser utilizado os viais e os locais sobre os que se actuará, nas condicións de calidade requiridas.

En relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións que xustificarán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que neste caso, son investimentos de reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor este investimento unha posta ao día do ámbito de actuación, en consecuencia, a actuación definida neste expediente está conformada como un instrumento xerador de aforro, e en ningún caso, xerará gastos por enriba dos actuais, xa que durante a vida útil dos mesmos (maior de cinco anos) se producirá un equilibrio e redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, se verán diferidas no tempo.

#### PROXECTO:

En relación os antecedentes mencionados, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº:2288/440, contempla a actuación incluída neste expediente de acordo cos seguintes datos:

Aplicación	Proxecto	Concepto	Importe
9330.6190010	14336010	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles.	350.000,00

Así, os técnicos municipais da Xerencia de Urbanismo: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, redactan o "PROXECTO OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDOS OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES", cun orzamento base de licitación de TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL CATROCIENTOS VINTESEIS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (348.426´99 €).

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES MESES.

Paralelamente, estase a tramitar a autorización sectorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en materia de Patrimonio Histórico, segundo determina o artigo 54, da Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o PROXECTO OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES”, cun orzamento base de licitación de TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL CATROCIENTOS VINTESEIS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (348.426´99 €), redactado polos técnicos municipais da Xerencia de Urbanismo: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(571).- GRATIFICACIÓN PRO SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO 2013 E ABRIL 2014. EXPTE. 25276/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.06.14, e de acordo co informe-proposta técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro de xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas realacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
---------	----------	-----	-------------

Alcaldía (conductores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Abril-2014	238,00
Extinción Incendios	De Álvarez Torres, Rogelio a Veiga García, Rubén	Abril-2014	575,00
Policia Local (Xulgado)	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vila Campos, Francisco	Abril-2014	776,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Alonso Moreira, José L. a Villar Miguelez, Manuel	Abril-2014	536,15
Inspección Vías e Obras	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio	Decembro-2013	71,00
Ospio	De Ferro Macho, Angel a Vázquez Rial, Ramón	Decembro-2013	76,00
Parque Central	De Aira Pereiro, Emilio a Pérez Fernández, J. Alfonso	Decembro-2013	68,00
Parque Móbil	De Amoedo Moreira, José L. a Riveiro Rodríguez, José	Decembro-2013	40,15
Parque Móbil (Parque Central)	De Comesaña Davila, José a Troncoso Martínez, Avelino	Decembro-2013	47,00
Parque Móbil (Vías e Obras)	De Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino	Decembro-2013	40,00
Parque Móbil (Limpeza)	De Alonso González, Ángel	Decembro-2013	20,00
Parque Móbil (Desinfección)	De Pérez Tomé, Jesús	Decembro-2013	16,00
Vías e Obras	De Alonso Cue, Miguel Á. a Rodríguez Lestón, Bernardo	Decembro-2013	190,00
Desinfección	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	Decembro-2013	39,00
Cultura	De Vázquez Martínez, Ramón	Decembro-2013	9'00
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Dasilva, Eduardo A.	Decembro-2013	120,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 28.112,63 €”

**27(572).- AUTORIZACIÓN DA HIPOTECA DA CONCESIÓN DE SERVICIO PÚBLICO DE CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 12242/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.06.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 3.06.14, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, del patrimonio das administracións públicas (LPAP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (PCAP).*

#### ANTECEDENTES

*En data 19 de maio de 2014, D. Celso Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, S.L., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello no que, tras manifestar que a súa representada es adxudicataria do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia, solicita a esta Administración autorización para proceder a hipotecar o dereito rela de concesión.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

*Primeiro.- En data 22 de novembro de 2013 a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou, a proposta da Mesa de Contratación, o seguinte acordo:*

*“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €) e coas seguintes prestacións accesorias:*

- *Destinará ó investimento inicial en equipamento deportivo o importe de 976.000 euros, IVE excluído, sendo o importe correspondente o IVE de 204.960 euros.*
- *O prezo do abono individual adulto, calculado para 1 mes (sen aplicar matrícula en caso de existir) é de 36,35 euros IVE incluído.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Segundo.- En data 7 de marzo de 2014, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acordou:

“1º.- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.

2º.- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.”.

Terceiro.- A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional. Ostenta respecto ás mesmas os dereitos e obrigacións do propietario, con suxeición ós límites fixados na LPAP e durante o prazo de validez da concesión (artigo 97 LPAP).

A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos (artigo 98.2 LPAP):

1. So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.
2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.
3. As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional.

Nesta liña, o PCAP (artigo 53.1) consigna, entre os dereitos do concesionario, o de hipotecar a concesión administrativa outorgada, coa limitación de que sexa en garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato e reduce o prazo hipotecario con respecto ó establecido na LPAP, pois impón a cancelación da hipoteca cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión, condicionando tamén o exercicio deste dereito á previa autorización administrativa.

Podemos concluír, á vista da lexislación aplicable, que non existe inconveniente para acceder ó solicitado, condicionándoo o cumprimento dos requisitos legais.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación,



en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Autorizar á MQA NAVIA, S.L., a constitución dunha hipoteca sobre a concesión de servizo público para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia, da que é titular condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:*

*1) O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*

*2) A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional, que é de 49 anos a contar dende a data de formalización do contrato.*

*2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de constitución da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **28(573).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.